




Manual do Sistema de Garantía de Calidade

Facultade de Ciencias da Educación

5ª Edición



Identificación do centro

Centro	Facultade de Ciencias da Educación
Responsable	Dona María del Mar Lorenzo Moledo
Enderezo	Rúa Profesor Vicente Fraiz Andón. Campus Vida. 15782 Santiago de Compostela
Correo electrónico	educacion.decanato@usc.gal
Teléfono	+34881813879

Historial de revisións

Número	Data	Principais modificacións
00	21/12/2009	Edición inicial.
01	16/12/2013	Simplificación documental: creación do Manual Simplificado do SGC e revisión de algúns procesos e procedementos.
02	12/06/2020	Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade.
03	12/06/2020	Actualización do Manual do SGC da Facultade de Ciencias da Educación.
04	01/12/2021	Actualización do Manual do SGC da Facultade de Ciencias da Educación.
05	01/03/2023	Modificación das comisións para dar cumprimento ao Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Mestrado Universitario e do Procedemento de Aseguramento da súa Calidade na Universidade de Santiago de Compostela. Aprobado polo Consello de Goberno o 28 de outubro de 2022 (DOG. 22 de decembro de 2022)

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Elaborado por	Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación	24/02/2023
Aprobado por	Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación	27/03/2023
Aprobado por	Xunta de Facultade	30/03/2023
Aprobado por	Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno	28/07/2023

Índice

1	A Facultade de Ciencias da Educación	4
1.1	Presentación	4
1.2	Organigrama	6
1.3	Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia	7
1.4	Regulamentos e normas	17
2	Alcance do Sistema de Garantía de Calidade	17
	Ciclo de mellora da formación universitaria	18
3	Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade	18
3.1	Equipo de dirección	18
3.2	Comisión de calidade do centro	19
3.3	Responsable de Calidade do Centro	20
3.4	Comisións de títulos	20
3.4.1.	COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS DE TÍTULO	21
3.5	Coordinador/a de título	27
3.6	Coordinador/a de calidade	29
4	Mapa de procesos	29
	Planificación	30
	Organización e desenvolvemento dos programas	30
	Xestión dos recursos	30
	Xestión de apoio ao sistema	30
	Información pública e transparencia	30
5	Indicadores e informes	32
6	Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit	32
	Anexo I. Política de calidade	34

1 A Facultade de Ciencias da Educación

1.1 Presentación

Pola regulamentación do Real Decreto de 30 de marzo de 1849, establecíanse Escolas Normais Superiores nas capitais de Distritos Universitarios. Nacía, así, a Escola Normal Superior de Mestres da Universidade de Santiago de Compostela, antecedente da actual Facultade de Ciencias da Educación. Ubicouse no edificio do antigo colexio de San Xerome. A Escola Normal de Mestras creouse en Santiago, en virtude dunha Real Orde de 6 de decembro de 1930. Pouco despois, coa chegada da Segunda República, facía a súa aparición o lembrado Plano Profesional, en réxime de coeducación.

A partir de 1945, os centros pasaron a denominarse Escolas de Maxisterio, “López Ferreiro”, a de mestres, e “Isabel La Católica”, a de mestras. En 1964 tivo lugar a reunificación. Coa chegada da Lei Xeral de Educación (1970), produciuse a integración das Escolas Normais na Universidade. Nacía, desta maneira, a Escola Universitaria de Formación do Profesorado de E.X.B. de Santiago de Compostela.

No curso 1973-74 recoñecíanse as ensinanzas de Filosofía e Ciencias da Educación na Universidade compostelá. Pouco despois, en 1975, creábase a Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, na que se integraron as Seccións de Filosofía, Pedagogía e Psicoloxía. Da segregación da anterior Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación xurdiron novas Facultades.

Polo Decreto 384/1996, de 17 de outubro (DOG, do 5 de novembro) a Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB no Campus de Santiago suprimíase como tal e quedaba integrada na estrutura propia de nova Facultade de Ciencias da Educación. Continuou, sen embargo, ata a actualidade a problemática dende o punto de vista físico: Campus Norte, para os Títulos de Mestre/a e Campus Sur, para o resto das titulacións.

Na actualidade na Facultade de Ciencias da Educación impártense os seguintes títulos de grao:

1. Grao en Educación Social:

- Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 385/2009 do 27 agosto (DOG 16/09/09).
- Data de publicación no BOE: 5 de marzo de 2010 (Correc_err: 13 de xullo de 2010).

2. Grao en Pedagogía:

- Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 385/2009 do 27 agosto (DOG 16/09/09).
- Data de publicación no BOE: 5 de marzo de 2010 (Correc_err: BOE do 13 de xullo de 2010).

3. Grao en Mestre/a en Educación Primaria:

- Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 150/2010 do 16 de setembro (DOG 23/09/10). Correc_err: DECRETO 245/2011 (DOG 3/1/2012).
- Data de publicación no BOE: 23 de marzo de 2015 (mod 19/12/2016).

4. Grao en Mestre/a en Educación Infantil:

- Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Decreto 150/2010 do 16 de setembro (DOG 23/09/10). Correc_err: DECRETO 245/2011 (DOG 3/1/2012).
- Data de publicación no BOE: 23 de marzo de 2015 (Mod 19/12/2016).

5. Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria:

- Curso de implantación: 2017-2018.

Están adscritos como títulos oficiais os seguintes máster:

1. Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas (dispoñible en seis especialidades distintas: Artes; Ciencias Experimentais; Matemáticas e Tecnoloxía e Informática; Ciencias Sociais e Humanidades; Formación Profesional: Sector Servizos; Linguas e Literaturas; Orientación Educativa):

- Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: 434/2009 do 3/12/2009 (DOG 15/12/2009).
- Data de publicación no BOE: 11/07/2011.

2. Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación:

- Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: 4/06/2015 (DOG do 17/10/2015).
- Data de publicación no BOE: 18/03/2016.

3. Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario:
 - Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: 434/2009 do 3 de decembro (DOG 15/12/2009).
 - Data de publicación no BOE: 24/08/2010.
4. Máster Universitario en Procesos de Formación:
 - Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: 434/2009 do 3 de decembro (DOG 15/12/2009).
 - Data de publicación no BOE: 24/08/2010.
5. Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria:
 - Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Orde do 13/06/2018 (DOG do 29/06/2018).
 - Data de publicación no BOE: 07/09/2018.

Na Facultade de Ciencias de Educación teñen a súa sede dous Departamentos da USC:

[Didácticas Aplicadas](#) e [Pedagogía e Didáctica](#).

1.2 Organigrama

Equipo decanal integrado por:

- O/a decano/a.
- Vicedecanos/as.
- O/a secretario/a.

O/a decano/a é o órgano unipersoal de dirección executiva e de xestión do centro. Representa á facultade, preside os seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

Os/as vicedecanos/as son nomeados polo/a reitor/a a proposta da decana entre os membros da Comunidade Universitaria da facultade con vinculación a tempo completo. As súas funcións específicas son definidas polo decano. En ausencia do/a decano/a, realizará as súas funcións o/a vicedecano/a en quen aquel/a delegue.

A/o secretaria/o da facultade é a persoa fidedigna do centro. Pode ser profesor/a a tempo completo ou funcionario/a dos subgrupos A1 e A2. É nomeado/a polo reitor/a a

proposta do/a decano/a. Ten as competencias que se lle atribúen nos Estatutos da Universidade. Levantará acta de todas as sesións da Xunta de Facultade que incluírá os asistentes, acordos literais e mencións expresas.

Corresponderalle ao equipo decanal a xestión diaria da facultade, respondendo da mesma no Pleno da Xunta.

1.3 Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia

Os [órganos de goberno e administración](#) da Facultade de Ciencias da Educación son (Art. 2 do Regulamento de Réxime Interno):

1. A Xunta de Facultade.
2. O/a decano/a.
3. Vicedecanos/as.
4. O/a secretario/a.

A Xunta de Facultade

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno do centro e, como tal, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

As normas de funcionamento da Xunta de Facultade rexerán para os demais órganos colexiados da facultade de non existiren previsións específicas para estes (Art 3 do Regulamento de Réxime Interno (RRI) da facultade).

A Xunta de Facultade actuará en pleno ou en Comisión Permanente. Tamén poderá dotarse de Comisións Delegadas, estables ou conxunturais, que a asesoren e a asistan nas súas funcións.

A composición do Pleno da Xunta de Facultade, establecida no art.º 4 do RRI da facultade, é a seguinte:

- Decana ou decano da facultade, que a presidirá.
- Vicedecanas ou vicedecanos.
- Secretaria ou secretario da facultade, que o será tamén da Xunta de Facultade.
- A persoa responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade.

- A directora ou director da Biblioteca.
- O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia na facultade e censado nela, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ao trinta e cinco por cento da capacidade docente do profesorado a tempo completo:
 - Todo o profesorado con vinculación permanente á universidade, que representará o cincuenta e un por cento do resto, sempre que non exceda do dez por cento do total da Xunta.
 - O persoal docente e investigador a tempo parcial non poderá representar máis do cinco por cento.
- Unha representación do estudantado do trinta e dous por cento, do cal un vinte e cinco por cento será das titulacións de grao adscritas á facultade e un sete por cento das titulacións de máster universitario e doutoramento.
- Unha representación do persoal de administración e servizos censado na facultade, nunha proporción do sete por cento do total da Xunta, cun mínimo de dous.

Toda a representación elixida será por dous anos, agás o estudantado, que o será por un ano. A condición de membro da Xunta de Facultade perderase ao cesar a vinculación coa facultade ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo cal se foi elixido. Os membros electivos da Xunta de Facultade que perdan a súa condición serán substituídos nos termos establecidos polo Regulamento electoral xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

Sen prexuízo do disposto no artigo 9 dese Regulamento, todos os membros da Xunta teñen a obriga de asistir ás súas reunións, tanto do Pleno como das correspondentes comisións delegadas ou específicas, e o dereito a voz e voto.

Os membros da Xunta están, así mesmo, obrigados a:

1. Adecuar a súa conduta ao disposto no Regulamento, respectando e facendo respectar a orde e a cortesía académica nos debates.
2. Non divulgar os debates e as decisións que se refiran a aspectos privados das persoas.

Competencias da Xunta de Facultade

Son competencias do Pleno da Xunta de Facultade, de acordo co artigo 5 do RRI da facultade, as seguintes:

1. A elección da decana ou decano e, de ser o caso, a súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros do órgano.
2. A elaboración e a aprobación do Regulamento de Réxime Interno da facultade.
3. A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración da facultade.
4. A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas á facultade, consonte a lexislación vixente e ás normas xerais emanadas do Claustro Universitario.
5. A aprobación das liñas xerais da política académica da facultade e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións oficiais, de creación de escolas de especialización profesional dependentes da facultade e de organización das ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.
6. A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia na facultade e igualmente a supervisión do seu cumprimento.
7. A programación dos espazos, servizos e equipamentos da facultade e a supervisión da súa xestión.
8. A distribución das asignacións orzamentarias concedidas á facultade e o control da súa aplicación.
9. O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados coa facultade pola súa docencia e investigación.
10. A organización de actividades de formación permanente e de extensión.
11. A manifestación da súa opinión verbo de calquera asunto relacionado coa facultade ou coas súas actividades.
12. Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela ou lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente.

Comisión Permanente da Xunta de Facultade

Atendendo ao Art. 6 do RRI da Facultade de Ciencias da Educación, a Xunta de Facultade pode delegar na súa Comisión Permanente as competencias que non lle reservan expresamente os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e a demais normativa de aplicación.

A delegación entenderase por termo indefinido, agás que o acordo de delegación dispoña outra cousa ou que a súa temporalidade se derive da propia natureza da delegación.

A Xunta de Facultade pode revogar en calquera momento a delegación, recuperando o exercicio das competencias delegadas sen máis requisitos que os requiridos para outorgala.

No artigo 31 do RRI defínese a composición da Comisión Permanente da Xunta de Facultade:

- a) Decana ou decano da facultade, que a presidirá.
- b) Vicedecanas e/ou vicedecanos.
- c) Secretaria ou secretario da facultade, que o será tamén da comisión.
- d) Unha representación proporcional dos distintos sectores que integran a Xunta de Facultade en número de vinte e un, distribuídos do seguinte xeito:
 - Doce membros do profesorado con vinculación permanente á universidade.
 - Catro membros do resto do persoal docente e investigador e do persoal investigador en formación.
 - Tres estudantes de grao.
 - Dous membros do persoal de administración e servizos.

Son competencias da Comisión Permanente da Xunta de Facultade (Art. 32 do RRI):

1. Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite.
2. Adoptar acordos sobre os asuntos que lle fosen delegados pola Xunta de Facultade nos termos previstos polo artigo 6 do RRI.
3. Asesorar en todas aquelas cuestións que a decana ou decano lle solicite no exercicio das súas competencias e decidir, de ser o caso, sobre as que aquela ou aquel lle delegue expresamente.
4. Coñecer e decidir sobre calquera asunto que sexa competencia da Xunta de Facultade e non estea reservado expresamente á mesma.

Comisións Delegadas

A facultade conta coas [comisións delegadas](#) estables contempladas no [Regulamento de Réxime Interno \(RRI\)](#), pero tamén pode crear outras¹ para todos aqueles asuntos que considere pertinentes e, cando cumpra, suprimilas.

Son Comisións delegadas da Xunta de Facultade: Comisión Académica, Comisións académicas das titulacións de Máster, Comisión de Asuntos Económicos, e Administración e Servizos, Comisión de Cultura e Normalización Lingüística, Comisión de Igualdade, Comisión de Validacións, Comisión de Coordinación do Prácticum, Comisión de Calidade e Comisión de Biblioteca. A elección dos membros das comisións estables que representen aos distintos sectores da Xunta de Facultade realizarase polos membros do respectivo sector no seo da propia Xunta (Art. 29 do RRI).

A elección poderá ser por asentimento, sen necesidade de votación, cando o número de candidatas ou candidatos presentados sexa inferior ou igual ao de postos elixibles. Todas as persoas elixidas serano por dous anos, agás o estudantado, que o será por un ano.

A condición de membro das comisións estables perderase pola perda da condición de condición de membro da Xunta de Facultade. O membro electivo dunha comisión estable que perda a súa condición será substituído pola seguinte candidata ou candidato máis votado do mesmo sector.

Comisión Académica

A Comisión Académica da Facultade de Ciencias da Educación está composta por (Art. 33 do RRI):

- a) Decana ou decano da facultade, que a presidirá.
- b) Vicedecana ou vicedecano competente en materia de asuntos académicos.
- c) As coordinadoras ou coordinadores de todas as titulacións universitarias oficiais adscritas á facultade.
- d) A persoa responsable da Unidade de Apoio a Xestión de Centros e Departamentos da Facultade.

¹ **Outros órganos non contemplados no Regulamento de Réxime Interno**

Comisión de Calidade do Centro.

Comisión de título de grao (unha para cada grao).

Comisión de título de máster (unha para cada máster).

Comisión Intercentros dos Graos en Mestre/a Educación Primaria e Mestre/a en Educación Infantil.

Comisión Intercentros Académica do Máster de Formación do Profesorado de Educación Secundaria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanzas de Idiomas.

Coordinador/a de título.

Coordinador/a de calidade.

- e) Unha representación proporcional dos demais sectores que integran a Xunta de Facultade en número de dez, distribuídos do seguinte xeito:
- Seis membros do profesorado.
 - Tres estudantes.
 - Un membro do persoal de administración e servizos.

A comisión prevista neste artigo elixirá de entre os seus membros unha secretaria ou secretario.

A Comisión Académica é competente para pronunciarse sobre cantos asuntos lle sexan encomendados pola Xunta de Facultade en relación co profesorado, o estudantado e, en xeral, o desenvolvemento e coordinación da docencia, así como para tomar as iniciativas que estime convenientes nestes ámbitos (Art. 34 do RRI).

Comisión Académica das titulacións de máster adscritas á facultade

As titulacións universitarias oficiais adscritas á Facultade de Ciencias da Educación poderán contar, nos termos previstos pola normativa da Universidade de Santiago de Compostela, con comisión académicas coa composición que a devandita normativa determine (Art. 35 do RRI).

Cando corresponda á decana ou ao decano a presidencia das comisións previstas neste artigo, esta ou este poderá delegala na coordinadora ou coordinador da titulación. Se se levase a cabo esta delegación, procurarase que quede garantida a representación institucional da facultade na comisión a través da presenza na mesma, como membro da decana ou decano ou do integrante do equipo decanal que aquela ou aquel designe, ou polo procedemento que habilite a normativa reguladora destas comisións.

As comisións académicas previstas neste artigo elixirán de entre os seus membros unha secretaria ou secretario.

Corresponden ás comisións académicas todas as funcións de organización docente das correspondentes titulacións, agás as que a normativa da Universidade de Santiago de Compostela atribúa expresamente á coordinadora ou ao coordinador da titulación ou á Xunta de Facultade (Art. 36 do RRI).

Comisión de Asuntos Económicos e de Administración e Servizos

A Comisión de Asuntos Económicos, de Administración e Servizos da Facultade de Ciencias da Educación está composta por (Art. 37 do RRI):

- a) Decana ou decano da facultade, que a presidirá.

- b) Vicedecana ou vicedecano competente en materia de Asuntos Económicos de Administración e Servizos.
- c) A persoa responsable de Asuntos Económicos da Facultade.
- d) Unha representación proporcional dos demais sectores que integran a Xunta de Facultade en número de oito, distribuídos do seguinte xeito:
 - Catro membros do profesorado.
 - Dous estudantes de grao.
 - Dous representantes do persoal de administración e servizos.

A comisión elixirá, de entre os seus membros, unha secretaria ou secretario dela.

A Comisión de Asuntos Económicos, de Administración e Servizos é competente no ámbito da súa actividade e, en particular, para propor unha distribución do orzamento 19 da Facultade, adquisición de mobles, uso e asignación de espazos e obras no edificio da Facultade (Art. 38 do RRI).

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

A Comisión de Cultura e Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias da Educación está composta por (Art. 39 do RRI):

- a) Decana ou decano da facultade, que a presidirá.
- b) Unha representación proporcional dos distintos sectores que integran a Xunta de Facultade en número de nove, distribuídos do seguinte xeito:
 - Cinco membros do profesorado.
 - Tres estudantes.
 - Un membro do persoal de administración e servizos.

A decana ou decano pode delegar a presidencia desta Comisión en calquera membro do profesorado que forme parte da Xunta de Facultade. A Comisión de Cultura e Normalización Lingüística elixirá de entre os seus membros unha secretaria ou secretario.

A Comisión de Cultura e Normalización Lingüística encargarse da dinamización da facultade organizando actividades educativas, culturais, sociais e de normalización da cultura e lingua galega de carácter extracurricular que sexan de interese para o conxunto da facultade. Para isto, elaborárase un calendario de actividades por curso académico a partir das propostas dos membros da comisión e dos membros da Facultade xestionando a partida presupostaria anual de extensión universitaria da facultade. Asemade, a Comisión terá como fin colaborar en actividades que organicen os departamentos e outros colectivos da facultade así como entidades educativas, sociais e culturais externas da facultade, logo da súa valoración. No marco das directrices de política lingüística emanadas da Universidade de

Santiago de Compostela. A comisión elaborará un informe por curso académico sobre a situación do galego na facultade e, en especial, na actividade docente desenvolvida nela, coa proposta das medidas que considere necesario aplicar.

Comisión de Igualdade

A Comisión de Igualdade da Facultade de Ciencias da Educación está composta por (Art. 41 do RRI):

- a) Decana ou decano da facultade, que a presidirá.
- b) Unha representación proporcional dos distintos sectores que integran a Xunta de Facultade en número de nove, distribuídos do seguinte xeito:
 - Cinco membros do profesorado.
 - Tres estudantes.
 - Un membro do persoal de administración e servizos.

A decana ou decano pode delegar a presidencia desta comisión en calquera membro do profesorado que forme parte da Xunta de Facultade. A Comisión de Igualdade elixirá, de entre os seus membros, unha secretaria ou secretario.

A Comisión de Igualdade vela polo cumprimento efectivo do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todos os ámbitos da facultade, no marco das políticas específicas deseñadas neste eido pola Universidade de Santiago de Compostela e en colaboración cos órganos competentes desta (Art. 42 do RRI).

Comisión de Validacións

A Comisión de Validacións da Facultade de Ciencias da Educación está composta por (Art. 43 do RRI):

- a) Decana ou decano da facultade, que a presidirá.
- b) As coordinadoras ou coordinadores de todas as titulacións universitarias oficiais adscritas á Facultade ou persoa en quen delegue.
- c) A persoa responsable da Unidade de Apoio a Xestión de Centros e Departamentos da Facultade.
- d) Un estudante de grao, elixido de entre a representación do estudiantado de grao na Xunta de Facultade.

A decana ou decano pode delegar a presidencia desta Comisión en calquera membro do profesorado que forme parte da Xunta de Facultade. A Comisión de Validacións elixirá de entre os seus membros unha secretaria ou secretario.

A Comisión de Validación informa dos expedientes de validación, recoñecementos e adaptacións, e demais de semellante natureza que así o requiran, agás nos casos nos que esta competencia estea atribuída ás comisións académicas das titulacións de Máster adscritas á Facultade (Art. 44 do RRI).

Comisión de Coordinación do Prácticum

A Comisión de Coordinación do Prácticum da Facultade de Ciencias da Educación está composta por (Art. 45 do RRI):

- a) Decana ou decano da facultade, que a presidirá.
- b) As coordinadoras ou coordinadores de todas as titulacións universitarias oficiais adscritas á facultade ou persoa en quen delegue dentro do profesorado vinculado ás materias de Prácticum do título.
- c) A persoa responsable da Unidade de Apoio a Xestión de Centros e Departamentos da Facultade.
- d) Tres estudantes de grao, elixidos de entre a representación do estudantado de grao na Xunta de Facultade.

A decana ou decano pode delegar a presidencia desta Comisión en calquera membro do profesorado que forme parte da Xunta de Facultade. A Comisión de Coordinación do Prácticum elixirá de entre os seus membros unha secretaria ou secretario.

A Comisión de Coordinación do Prácticum terá como funcións a aprobación do calendario anual de Prácticum, a coordinación das planificacións desenvolvidas e executadas nos respectivos Prácticum consonte coas diversas titulacións, así como o seguimento e avaliación do conxunto dos procesos. Para tales efectos elaborará e propondrá orientacións de carácter xeral ao Pleno da Xunta de Facultade para a súa aprobación (Art. 46 do RRI).

Comisión de Calidade

A Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación está composta por (Art. 47 do RRI):

- a) Decana ou decano da facultade, que a presidirá.
- b) Responsable de Calidade do Centro.
- c) As coordinadoras ou coordinadores das titulacións de Grao e Máster.
- d) Un representante por cada un dos departamentos con sede na Facultade de Ciencias da Educación.
- e) A persoa responsable da Unidade de Apoio a Xestión de Centros e Departamentos da Facultade.
- f) Un estudante.

- g) Outros membros que a decana ou decano da Facultade de Ciencias da Educación considere oportuno propoñer á Xunta de Facultade para o bo funcionamento do SGC.

A Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación ten entre as súas funcións principais as seguintes (Art. 48 do RRI):

1. Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC no centro.
2. Elaborar a Memoria de Calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias: proposta do plan de melloras do centro para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora dos títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
3. Informe do seguimento da implantación do SGC e as súas propostas de mellora.
4. Informes de seguimento dos títulos.
5. Elaboración do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual do centro.

Comisión da Biblioteca

A Comisión de Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación está composta por (Art. 49 do RRI): A Comisión da Biblioteca estará formada segundo o establecido no Regulamento da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago. A representación do profesorado establécese do seguinte modo: unha ou un representante por cada unha das Áreas de coñecemento dos departamentos con sede na facultade e dous representantes do resto das áreas/departamentos que impartan docencia nas distintas titulacións, sempre que, en todos os casos, formen parte da Xunta de Facultade.

A Comisión da Biblioteca terá as funcións establecidas no Regulamento da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago (Art. 50 do RRI).

1.4 Regulamentos e normas

A Facultade de Ciencias da Educación conta cas normas e regulamentos que rexen os procesos académicos e de xestión que en cada caso corresponden:

- [Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias da Educación.](#)
- [Normativa de cambio de grupo de docencia.](#)
- [Normativa de exención de docencia.](#)
- [Instrución sobre a dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias.](#)
- [Protocolo uso de espazos, instalacións e equipamento da facultade.](#)
- [Protocolo intercentros do Prácticum dos Graos en Mestra ou Mestre de Educación Infantil e de Educación Primaria.](#)

2 Alcance do Sistema de Garantía de Calidade

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Ciencias da Educación alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de máster universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas (alumnado, persoal docente e de apoio) vinculadas a el.

En conxunto, o SGC da Facultade de Ciencias da Educación contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia facultade/escola e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

Ciclo de mellora da formación universitaria




Figura 1. Adaptación propia a partir da “Guía para el diseño de SGC de la formación universitaria. Programa AUDIT. ANECA”

3 Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade

3.1 Equipo de dirección

O Equipo de Dirección do centro, e en particular o/a decano/a como principal responsable, actúa como corresponde á dirección de calquera organización comprometida co desenvolvemento, establecemento, revisión e mellora dun sistema de xestión da calidade.

Respecto ao SGC, as funcións principais son as seguintes:

1. Asinar e difundir a política e obxectivos de calidade do centro.
2. Liderar o desenvolvemento, a implantación, revisión e mellora do SGC do centro.
3. Nomear ao Responsable de Calidade do Centro, sempre que o considere oportuno.

4. Propoñer á Xunta de Facultade para a súa aprobación a composición da Comisión de Calidade do Centro e, no seu caso, as das comisións das titulacións de grao.
5. Garantir o bo funcionamento do SGC do centro.
6. Informar a todo o persoal do centro do SGC e dos cambios que nel se realicen.
7. Garantir que todo o persoal do centro teña acceso aos documentos do SGC que lles sexan de aplicación.
8. Informar á Xunta de Facultade dos traballos e acordos da Comisión de Calidade.
9. Presentar á Xunta de Facultade, para a súa aprobación, a Memoria de Calidade do centro (Informe de seguimento do SGC, proposta do Plan de melloras anual do centro e Informes de seguimento dos Títulos).

3.2 Comisión de calidade do centro

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC do centro, actuando ademais como medio de difusión interna do sistema e dos seus logros.

Membros da CCC:

- a) Decano/a da facultade, que presidirá.
- b) Responsable de Calidade do Centro.
- c) Coordinadores/as de títulos de grao e máster.
- d) Representante por cada un dos departamentos da Facultade de Ciencias da Educación.
- e) Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade.
- f) Un alumno/a.
- g) Outros membros que a decana da Facultade de Ciencias da Educación considere oportuno propoñer á Xunta de Facultade para o bo funcionamento do SGC.

A CCC reúnese coa periodicidade marcada na súa planificación, cando menos dúas veces ao ano, e levanta acta de cada unha das sesións, facendo públicas as decisións tomadas a través da publicación dos acordos adoptados.

As funcións principais da CCC son as seguintes:

1. Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC no centro.
2. Elaborar a Memoria de Calidade do Centro.

3. Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do centro.
4. Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no centro.
5. Realizar o seguimento dos resultados do centro.
6. Propoñer ao equipo de dirección a información que debe ser pública.
7. Informar favorablemente, ou propoñer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisións de título.

3.3 Responsable de Calidade do Centro

O/A decano/a asume persoalmente as funcións relacionadas a continuación ou ben pode nomear a un/a Responsable de Calidade do Centro (RCC) entre os membros do equipo de dirección. Con independencia doutras funcións que se lle asignen no momento do seu nomeamento, as funcións básicas do/a RCC poden concretarse en:

1. Coordinar o funcionamento da CCC.
2. Trasladar á CCC e á/s comisión/s de título/s a información sobre resultados de aprendizaxe, inserción laboral, satisfacción dos grupos de interese, así como de calquera outra relacionada con resultados que poida afectar á calidade da formación.
3. Realizar propostas á CCC para mellorar o SGC do centro.
4. Ser o/a interlocutor/a coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
5. Atender as indicacións e requirimentos dados pola vicerreitoría con competencias en calidade para implantar os axustes e melloras do SGC nos centros aprobados pola Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en calidade e planificación.
6. Dirixir a elaboración da Memoria de Calidade do Centro.

3.4 Comisións de títulos

Cada un dos graos e máster da Facultade de Ciencias da Educación conta cunha Comisión de Título propia. A xunta de centro aprobará a composición da Comisión de Título e trasladará esta información á Vicerreitoría con competencias en titulacións. O nomeamento da comisión é competencia do/a reitor/a.

A renovación dos membros das comisións de título efectuarase cada catro anos consonte determine o Regulamento de Réxime Interno do centro. No caso de que o centro

non conte con Regulamento de Réxime Interno ou o regulamento non contemple o procedemento para a renovación dos membros da comisión, este determinarase mediante acordo específico da Xunta de centro. Para o caso da representación do estudantado, a súa renovación farase consonte a duración dos seus estudos en tanto manteñan tal condición no título.

No caso de titulacións que se impartan en varios centros, deberá existir unha comisión de título en cada centro de impartición e unha comisión intercentros, con sede no centro responsable do título. No caso de mestrados universitarios, as competencias da comisión de título poderán ser exercidas pola comisión intercentros. As xuntas de centro respectivas aprobarán unha proposta consensuada de composición da comisión intercentros. Esta información será trasladada polo centro responsable do título á Vicerreitoría con competencias en titulacións. O nomeamento da comisión é competencia do/a reitor/a.

No caso de títulos conxuntos, o convenio regulador deberá contemplar a existencia dunha comisión interuniversitaria, as súas normas de composición e os seus criterios de renovación. Dito convenio poderá contemplar que as competencias da comisión de título sexan exercidas pola comisión interuniversitaria.

3.4.1. COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS DE TÍTULO

COMISIÓNS DE GRAO

A comisión de título dos graos impartidos na facultade estará composta por:

- a) Decano/a da Facultade de Ciencias da Educación (presidente/a da comisión de título) ou persoa en quen delegue.
- b) Responsable de Calidade do Centro.
- a) Coordinador/a da titulación.
- b) Coordinador/a de cada un dos catro cursos do grao.
- c) Responsable da Unidade de Xestión da Facultade de Ciencias da Educación.
- d) Un mínimo de dous/dúas estudantes do título.
- e) Outros membros específicos recollidos no Regulamento de Réxime Interno do centro.
- f) A comisión de título terá un/ha secretario/a elixido/a entre os seus membros, que será responsable da redacción das actas cos acordos alcanzados.
- g) Poderán participar como invitados/as, con voz pero sen voto, representantes doutros grupos de interese cuxa opinión a comisión considere relevante.

- h) De conformidade co recollido no III Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC, relativo ás medidas a adoptar para a consecución da paridade en todos os órganos de goberno e representación, as comisións de título deberán ter unha composición equilibrada de mulleres e homes.

Comisión Intercentros do Grao en Educación Primaria e do Grao en Educación Infantil

A Comisión Intercentros vela pola adecuada coordinación da docencia nos Graos de Mestre/a en Educación Primaria e o Grao de Mestre/a en Educación Infantil nos campus de Santiago e Lugo, asegurando, deste xeito, que se garanta a igualdade de condicións entre o alumnado dos dous centros de impartición.

Os membros desta comisión, son:

- a) Decano/a da Facultade de Ciencias da Educación (presidente/a en alternancia da comisión de título) ou persoa en quen delegue.
- b) Decano/a da Facultade de Formación do Profesorado (presidente/a en alternancia da comisión de título) ou persoa en quen delegue.
- c) Responsable de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación.
- d) Responsable de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado.
- e) Coordinador/a do Título de Grao en Mestre/a en Educación Primaria da Facultade de Ciencias da Educación.
- f) Coordinador/a do Título de Grao en Mestre/a en Educación Primaria da Facultade de Formación do Profesorado.
- g) Coordinador/a do Título de Grao en Mestre/a en Educación Infantil da Facultade de Ciencias da Educación.
- h) Coordinador/a do Título de Grao en Mestre/a en Educación Infantil da Facultade de Formación do Profesorado.
- i) Responsable da Unidade de Xestión da Facultade de Ciencias da Educación.
- j) Responsable da unidade de Xestión da Facultade de Formación do Profesorado.
- k) Un/ha estudante por centro de impartición.
- l) O/A coordinador/a do Prácticum dos Graos en Mestre/a da Facultade de Ciencias da Educación.
- m) O/A coordinador/a do Prácticum dos Graos en Mestre/a da Facultade de Formación do Profesorado.
- n) Os/as directores/as dos departamentos de Pedagogía e Didáctica e Didácticas Aplicadas, ou profesor/a en quen deleguen en cada caso.

- o) Un/Unha profesor/a con docencia na Facultade de Formación do Profesorado de cada un dos citados departamentos, por proposta deles (cando os/as directores/as dos departamentos pertencen á Facultade de Ciencias da Educación).
- p) A comisión de título terá un/ha secretario/a elixido/a entre os seus membros, que será responsable da redacción das actas cos acordos alcanzados.
- q) Poderán participar como invitados/as, con voz pero sen voto, representantes doutros grupos de interese cuxa opinión a comisión considere relevante.
- r) De conformidade co recollido no III Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC, relativo ás medidas a adoptar para a consecución da paridade en todos os órganos de goberno e representación, as comisións de título deberán ter unha composición equilibrada de mulleres e homes.

COMISIÓNS DE MÁSTER

Máster Universitario en Procesos de Formación

Membros:

- a) Decano/a da Facultade de Ciencias da Educación (presidente/a da comisión de título) ou persoa en quen delegue.
- b) Responsable de Calidade do Centro.
- c) Coordinador/a da titulación.
- d) Unha representación do PDI do título (8) que incluíra, no caso de existir, coordinadores/as de bloque ou módulo.
- e) Responsable da Unidade de Xestión da Facultade de Ciencias da Educación.
- f) Estudantes (2).
- g) A comisión de título terá un/ha secretario/a elixido/a entre os seus membros, que será responsable da redacción das actas cos acordos alcanzados.
- h) Poderán participar como invitados/as, con voz pero sen voto, representantes doutros grupos de interese cuxa opinión a comisión considere relevante.
- i) De conformidade co recollido no III Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC, relativo ás medidas a adoptar para a consecución da paridade en todos os órganos de goberno e representación, as comisións de título deberán ter unha composición equilibrada de mulleres e homes.

Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario

Membros:

- a) Decano/a da Facultade de Ciencias da Educación (presidente/a da comisión de título) ou persoa en quen delegue.
- b) Responsable de Calidade do Centro.
- c) Coordinador/a da titulación.
- d) Unha representación do PDI do título (8) que incluírá, no caso de existir, coordinadores/as de bloque ou módulo.
- e) Responsable da Unidade de Xestión da Facultade de Ciencias da Educación.
- f) Estudantes (2).
- g) A comisión de título terá un/ha secretario/a elixido/a entre os seus membros, que será responsable da redacción das actas cos acordos alcanzados.
- h) Poderán participar como invitados/as, con voz pero sen voto, representantes doutros grupos de interese cuxa opinión a comisión considere relevante.
- i) Poderán participar como invitados/as, con voz pero sen voto, representantes doutros grupos de interese cuxa opinión a comisión considere relevante.
- j) De conformidade co recollido no III Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC, relativo ás medidas a adoptar para a consecución da paridade en todos os órganos de goberno e representación, as comisións de título deberán ter unha composición equilibrada de mulleres e homes.

Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación

Membros:

- a) Decano/a da Facultade de Ciencias da Educación (presidente/a da comisión de título) ou persoa en quen delegue.
- b) Responsable de Calidade do Centro.
- c) Coordinador/a da titulación.
- d) Unha representación do PDI do título (7) que incluírá, no caso de existir, coordinadores/as de bloque ou módulo.
- e) Responsable da Unidade de Xestión da Facultade de Ciencias da Educación.
- f) Estudantes (2).
- g) A comisión de título terá un/ha secretario/a elixido/a entre os seus membros, que será responsable da redacción das actas cos acordos alcanzados.

- h) Poderán participar como invitados/as, con voz pero sen voto, representantes doutros grupos de interese cuxa opinión a comisión considere relevante.
- i) De conformidade co recollido no III Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC, relativo ás medidas a adoptar para a consecución da paridade en todos os órganos de goberno e representación, as comisións de título deberán ter unha composición equilibrada de mulleres e homes.

Máster Universitario de Formación do Profesorado de Educación Secundaria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanzas de Idiomas

Membros da Comisión Intercentros:

- a) Decano/a da Facultade de Ciencias da Educación (presidente/a da comisión de título).
- b) Decano/a da Facultade de Formación do Profesorado.
- c) Responsable de calidade da Facultade de Ciencias da Educación.
- d) Responsable de calidade da Facultade de Formación do Profesorado.
- e) Coordinador/a para o Campus de Santiago.
- f) Coordinador/a para o Campus de Lugo.
- g) Responsable da Unidade de Xestión da Facultade de Ciencias da Educación.
- h) Responsable da Unidade de Xestión de Centros e Departamento da Facultade de Formación do Profesorado.
- i) Unha representación do PDI do título (13) que incluírá, no caso de existir, coordinadores/as de bloque ou módulo.
- j) Un/ha estudante por centro de impartición.
- k) A comisión intercentros terá un/ha secretario/a elixido/a entre os seus membros, que será responsable da redacción das actas cos acordos alcanzados.
- l) Poderán participar como invitados/as, con voz pero sen voto, representantes doutros grupos de interese cuxa opinión a comisión considere relevante.
- m) De conformidade co recollido no III Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC, relativo ás medidas a adoptar para a consecución da paridade en todos os órganos de goberno e representación, as comisións de título deberán ter unha composición equilibrada de mulleres e homes.

Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria

Comisión Académica Local Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria:

- a) Decano/a da Facultade de Ciencias da Educación (presidente/a da comisión de título) ou persoa en quen delegue.
- b) Responsable de Calidade do Centro.
- c) Coordinador/a da titulación.
- d) Unha representación do PDI do título (9) que incluírá, no caso de existir, coordinadores/as de bloque ou módulo.
- e) Responsable da Unidade de Xestión da Facultade de Ciencias da Educación.
- f) Estudantes (2).
- g) A comisión de título terá un/ha secretario/a elixido/a entre os seus membros, que será responsable da redacción das actas cos acordos alcanzados.
- h) Poderán participar como invitados/as, con voz pero sen voto, representantes doutros grupos de interese cuxa opinión a comisión considere relevante.
- i) De conformidade co recollido no III Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC, relativo ás medidas a adoptar para a consecución da paridade en todos os órganos de goberno e representación, as comisións de título deberán ter unha composición equilibrada de mulleres e homes.

Membros da Comisión Académica Interuniversitaria do Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria:

Universidade de Santiago de Compostela:

- a) Decano/a da Facultade de Ciencias de Educación.
- b) Responsable de Calidade do Centro.
- c) Coordinador/a da Comisión.
- d) Profesorado (3).

Universidade da Coruña:

- a) Decano/a da Facultade de Ciencias de Educación.
- b) Responsable de Calidade do Centro.
- c) Coordinador/a da Comisión na Universidade da Coruña.

- d) Profesorado (3).

Universidade de Vigo:

- a) Decano/a da Facultade de Ciencias de Educación.
- b) Responsable de Calidade do Centro.
- c) Coordinador/a da Comisión na Universidade de Vigo.
- d) Profesorado (3).

As Comisións de Título velan polo funcionamento ordinario do título, polo cumprimento do proxecto de título formulado na memoria de verificación, polo cumprimento no título do Sistema de Garantía de Calidade do centro e formulan propostas para a organización académica do título. Teñen, ademais, calquera outra función asignada polo Regulamento de Réxime Interno e/ou o Sistema de Garantía de Calidade do centro.

En relación co Sistema de Garantía de Calidade, as CT teñen entre as súas funcións, as seguintes:

1. Analizar a información proporcionada polo/a coordinador/a do título e o/a RCC para levar a cabo o seguimento do título.
2. Realizar un informe dos resultados do título e as propostas de mellora (Informe de Seguimento do Título) e, cando sexa necesario, facer proposta de modificación ou suspensión deste.
3. Realizar as propostas de mellora, derivadas dese seguimento, para o seu traslado á CCC e a súa incorporación, de ser o caso, ao plan de melloras do centro.
4. Elevar proposta, de ser o caso, de modificación ou supresión do título, se así se deriva do seu seguimento periódico.

3.5 Coordinador/a de título

Os/As coordinadores/as de título son os/as responsables do título de grao ou máster. O/A coordinador/a do título será a persoa responsable de lideralo. Deberá ser un/ha docente doutor/a, con dedicación a tempo completo e docencia no título. No caso dos graos, o/a coordinador/a poderá ser tamén un/ha docente non doutor/a, pero deberá cumprir as demais condicións.

A xunta de centro, por proposta do/a decano/a, aprobará a proposta de coordinador/a de título, da que se dará traslado á Vicerreitoría competente en materia de titulacións. O nomeamento do/a coordinador/a é competencia do/a reitor/a.

No caso de titulacións que se impartan en varios centros, existirá un/ha coordinador/a de título en cada un deles, que será responsable da implantación e desenvolvemento do título no centro.

Os títulos conxuntos nos que participe a USC tamén terán, ademais do/a coordinador/a xeral do título, un/ha coordinador/a de título na USC, elixido/a da mesma forma que no caso dos títulos exclusivos e coas mesmas competencias, amais das que establece o convenio da titulación. Cando a USC sexa a universidade coordinadora, as competencias das dúas figuras deben estar ben diferenciadas no convenio interuniversitario e no Regulamento de Réxime Interno do centro. As dúas figuras poden recaer na mesma persoa.

A renovación do/a coordinador/a efectuarase cada catro anos. A duración máxima no cargo de coordinador/a será de oito anos consecutivos. A proposta de renovación do/a coordinador/a deberá ser aprobada pola xunta de centro, que procederá do mesmo xeito que na proposta inicial para o seu nomeamento.

O/A coordinador/a deixará de exercer as súas funcións por algún dos seguintes motivos: dimisión, baixa ou proposta de cesamento pola persoa responsable do centro. O cesamento do/a coordinador/a é competencia do/a reitor/a. Cando un/ha coordinador/a deixe de exercer as funcións de coordinación por algún dos motivos expostos, o equipo de dirección do centro designará un/ha coordinador/a interino/a por un período máximo dun mes. Antes do remate dese período, procederase ao nomeamento dun/ha novo/a coordinador/a.

As coordinadoras ou coordinadores de título serán membros natos das seguintes comisións: Académica, de Validacións, de Coordinación de Prácticum e Calidade (RRI.2).

As funcións do/a coordinador/a son as que establece o regulamento de titulacións oficiais de grao e máster vixente, así como as seguintes funcións, entre outras, en relación co SGC:

1. Actuar en representación do título.
2. Velar para que os procesos relativos á titulación sexan realizados segundo as directrices establecidas polo SGC.
3. Coordinar os procesos de calidade de acordo co SGC aplicable e trasladar a información que proceda á comisión do centro con competencias en calidade.
4. Presentar á Comisión de Calidade do Centro o informe de seguimento/acreditación ou de resultados de acordo co proceso PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas, informándoa das actuacións da comisión

- de título: seguimento do título, valoración da súa eficacia e proposta de accións de mellora.
5. Recompilar, xunto co RCC, todos os datos necesarios para que a comisión de título poida realizar as diferentes análises de resultados do título, establecer accións de mellora ou propostas de modificación ou supresión do título.
 6. Velar pola implantación das melloras da titulación aprobadas que sexan da súa competencia e impulsar a implantación daqueloutras que correspondan a outras instancias.
 7. Coordinar os procesos de organización académica do título e trasladar a información que proceda á dirección do centro.
 8. Calquera outra función asignada polo Regulamento de Réxime Interno e/ou o SGC do centro.

3.6 Coordinador/a de calidade

É a persoa nomeada polo/a decano/a do centro entre o PDI para a realización de funcións de apoio ao Responsable de Calidade do Centro.

4 Mapa de procesos

O SGC concrétase en 12 procesos institucionais a través dos que a universidade asegura a calidade da súa oferta académica, a dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais necesarios e o enfoque á mellora continua.

A nivel de centro (*facultade*) concrétase en 13 procesos, cuxo desenvolvemento figura no manual de procesos do sistema.

Nivel institucional

Procesos institucionais

- PI-01 Planificación Institucional da Mellora da Calidade
- PI-02 Obtención e mantemento da acreditación institucional de centros
- PI-03 Establecemento e actualización da oferta académica
- PI-04 Xestión dos recursos humanos
- PI-05 Xestión dos recursos materiais e servizos
- PI-06 Organización e procedementos administrativos
- PI-05 Xestión documental
- PI-07 Medición e mellora dos programas de estudo e dos centros
- PI-08 Análise das expectativas e a satisfacción dos grupos de interese
- PI-09 Xestión de incidencias (SQR)
- PI-10 Auditoría Interna
- PI-11 Revisión pola dirección do sistema de garantía de calidade
- PI-12 Xestión documental

Nivel de centro

Procesos estratéxicos

Planificación

- PE-01 Planificación estratéxica
- PE-02 Revisión e mellora

Procesos clave

Organización e desenvolvemento dos programas

- PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación
- PC-02 Planificación das ensinanzas
- PC-03 Apoio a estudantes
- PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas
- PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

Procesos de soporte

Xestión dos recursos

- PS-01 Xestión dos recursos humanos
- PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos


Xestión de apoio ao sistema

- PS-03 Xestión documental
- PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades
- PS-05 Xestión das incidencias (SQR)

Información pública e transparencia

- PS-06 Información pública

MAPA DE PROCESOS



5 Indicadores e informes

A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) é a responsable de proporcionar os indicadores e informes establecidos no proceso institucional PI-06 Medición e mellora.

Desde a ACMP defínense anualmente os indicadores e informes a empregar. A lista de indicadores e informes é remitida aos centros e está dispoñible na páxina Web.

6 Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit

A continuación recóllese a relacións entre os procesos establecidos no sistema e as directrices Fides-Audit sobre deseño de sistemas de garantía de calidade:

Procesos do sistema		Directrices Fides-Audit					Información pública
		Política e obxectivos de calidade	Deseño revisión periódica e mellora dos programas formativos	Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	
Procesos institucionais	PI-01 Planificación Institucional da mellora da calidade	X					X
	PI-02 Acreditación institucional dos centros	X	X				X
	PI-03 Oferta académica		X	X	X	X	X
	PI-04 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PI-05 Xestión dos recursos materiais					X	X
	PI-06 Organización administrativa			X	X	X	
	PI-07 Medición e mellora de programas e centros	X	X	X	X	X	X
	PI-08 Análise de expectativas e satisfacción	X	X	X	X	X	X
	PI-09 Xestión de incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
	PI-10 Auditoría interna	X	X	X	X	X	X
	PI-11 Revisión pola dirección do SGC	X		X			
	PI-12 Xestión documental						X
Procesos de centro	PE-01 Planificación estratéxica	X	X	X	X	X	X
	PE-02 Revisión e mellora	X	X	X	X	X	X
	PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación		X	X			X
	PC-02 Planificación das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-03 Apoio a estudantes		X	X			X
	PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas		X	X	X	X	X
	PS-01 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos					X	X
	PS-03 Xestión documental						X
	PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades	X	X	X	X	X	X
	PS-05 Xestión das incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
	PS-06 Información pública	X	X	X	X	X	X

Anexo I. Política de calidade

A Facultade de Ciencias da Educación desenvolve a súa política de calidade e concrétase, anualmente, mediante obxectivos de calidade operativos e o plan anual de melloras resultante do seguimento do SGC e dos títulos. Para evidenciar o compromiso do centro con esa política de calidade, o equipo decanal, por medio da decana, subscribe o documento que se achega na páxina seguinte, que se divulga a través dos medios de información pública correspondentes, consonte o establecido no proceso PS-06, Información pública.

Compromiso de calidade

A Facultade de Ciencias da Educación é consciente da importancia que ten a calidade para garantir que os programas formativos dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu plan estratéxico), a Facultade de Ciencias da Educación elabora a súa política marcando como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A Facultade de Ciencias da Educación quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación para os seus estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que garantan as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos e que renda contas do investimento e optimización dos seus recursos.

A Facultade de Ciencias da Educación dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese e co fin de satisfacelos, comprométese a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición; sempre dentro do estricto cumprimento dos requisitos legais aplicables, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo.

Por todo iso, a Facultade de Ciencias da Educación adquire o firme compromiso de garantir a calidade nesta e establece a súa política baixo estes principios:

Responsabilidade: proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.

Integración, participación e igualdade: esta facultade establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Facultade de Ciencias da Educación a través das vías establecidas para iso garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.

Orientación ao alumnado: este centro garante no seu programa formativo a orientación ao alumno entendendo que é o principal receptor deste.

Excelencia: o traballo desta facultade realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais escolas e facultades recoñecidas.

Transparencia: esta facultade basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

A dirección desta Facultade adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal a decana subscribe este documento de política de calidade o día 24 de febreiro de 2023

Firmado por LORENZO MOLEDO MARIA DEL MAR
- ***8109** el día 23/02/2023 con un
certificado emitido por AC FNMT Usuarios

Dona Maria del Mar Lorenzo Moledo

Decana da Facultade de Ciencias da Educación